

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE XUÑO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de xuño de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para aumento de edificabilidade, alteración de ocós e acabado de fachada así como variacións de distribución, como modificación da licenza referencia exp. 326/18 do edificio sito na parcela 2 da Unidade de Actuación CS-15 (Urpi-42). avenida Vila Verde, número 32 (exp. 2021/Y001/000083); para modificación de licenza con nº de expediente 2021/Y001/000030 para ampliación de gasoleira para distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, en réxime desatendido, pasando de dous a tres aparatos surtidores e preinstalación de instalación fotovoltaica e recarga de vehículos eléctricos, na avda. Infanta Elena, número 206 (exp. 2022/Y001/000101); para -previa aceptación da cesión dos terreos destinados a vías- a construción de vivenda unifamiliar illada e rehabilitación de alpendres existentes, no núcleo rural 59.8, Xián, contorno de Lugo (exp. 2021/Y001/000033).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da conta de liquidación definitiva da xunta de compensación da unidade de actuación sur-2 do PXOU de 1990 (Urpi-50 do PXOM vixente).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Apróbese a modificación do contrato correspondente á xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no concello de lugo asinado o 18 de marzo de 2016. proposta de axuste de modificación de liñas 2022. Exp. ref. 2022/C009/000001.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac467242705742105499.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-6-2022

publicidade na contratación da subministración dun conxunto escultórico dedicado as polbeiras para situar na ronda da Muralla (a Mosqueira) e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2022-C004-000010.

Acórdase a contratación da obra “Mellora do firme das estradas municipais que partindo da pista de Argonde atravesan o lugar de Vilachá de Ribas de Miño ata a mesma pista de Argonde e acceso a vivendas e igrexa parroquial (Ribas de Miño)”. Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. Exp. ref. 2022-C002-000009.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Mellora do firme das estradas de acceso aos núcleos rurais de Sta. María de Alta e Matelo (Sta. María de Alta)”. Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2022-C02-000012.

Acórdase a adxudicación na contratación da prestación dos servizos de colaboración na inspección tributaria municipal. Exp. ref.2021/C003/000024.

Tamén se acorda a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería restaurante anexo ao centro de empresas e innovación (CEI Nodus-espazo lab-parque de bombeiros). expediente tecol 2020/C005/000009 (2019-007), polo período comprendido entre o 21 de xuño de 2022 e o 20 de xuño de 2023.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación dun servizo denominado asistencia técnica para a elaboración, implementación, seguimento e avaliación do plan de acción da axenda urbana “Lugo cidade verde” e das súas actuacións asociadas financiada a través do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana dentro do plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea («Next Generation EU»). Exp. ref. 2022/C003/000010.

Acórdase a contratación da subministración e execución dos xardíns verticais do edificio impulso verde, correspondente á acción C9 “agricultura urbana de solo e altura” do proxecto life14 CCA/ES/000489 Lugo+biodinámico. “Planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana” Cofinanciado pola Unión Europea mediante o instrumento financeiro life 2014-2020. Exp. ref. 2022/C004/000012.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN TERRITORIAL

4. MEDIO AMBIENTE.- Acórdase a subvención á Sociedade Protectora de Animales y Plantas de Lugo para financiar o proxecto de acollida e coidado de

animais abandonados, campañas de publicidade, educación e concienciación ano 2022 e a aprobación da concesión, do texto do convenio e do gasto.

Tamén se acorda a subvención á Asociación Protectora de gatos da rúa Michos de Lugo ano 2022 e a aprobación da concesión, do texto do convenio e do gasto.

Acórdase a aprobación da listaxe definitiva de adxudicatarios e adxudicación da convocatoria do procedemento para o outorgamento de autorizacións de uso dos hortos urbanos municipais no parque dos Paxariños.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a modificación parcial do acordo 18/273, do 13-05-2022, sobre a aprobación das bases xerais reguladoras para a concesión de subvencións na área de participación e servizos para a veciñanza, ás asociacións de veciñas e veciños sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade na esfera da participación cidadá para o exercicio 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.